



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

XERA-Dixitalización 2022

**Axudas á dixitalización da industria forestal-madeira e
das súas asociacións**

IN500D



Axudas á dixitalización

- Orzamento:** 1,25 M € crédito inicial que poderá ser modificado conforme evolucione o desenvolvemento da tramitación, sempre sen incrementar o crédito total de 2,5 M€.
- Réxime:** concorrencia **NON competitiva** (as solicitudes resolveranse por orde de rexistro de entrada de expediente completo).
- Proxectos subvencionables:** terán como obxectivo apoiar proxectos de dixitalización, quedando excluídos os proxectos xa finalizados á data de presentación da solicitude.
- Importe da axuda:** O importe máximo da subvención será do **70 % do gasto subvencionable, cun límite máximo de 70.000 euros por beneficiario** e un gasto mínimo subvencionable de 7.000 euros.

Esta porcentaxe verase incrementada até o 80% do gasto subvencionable cando a actuación obxecto de solicitude consuma un ou varios servizos web publicados pola Consellería do Medio Rural (<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/servizos-web-forestais>) ou para aqueles proxectos de trazabilidade nos que se graven as transaccións na plataforma blockchain da Xunta de Galicia denominada FORTRA (<https://fortra.xunta.gal/>).



Axudas á dixitalización

Persoas beneficiarias:

- **PEMEs da industria forestal-madeira** radicadas en Galicia que utilicen **madeira, resina, cortiza ou outros produtos de orixe forestal** (exceptuando os produtos alimentarios) como materia prima para a elaboración dos seus produtos. Entre outras, madeiristas, serradoiros, carpintarías, fábricas de mobiliario, etc.
- **Asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro**, públicas ou privadas, que teñan base asociativa e sexan representativas ou estean relacionadas coa **cadea de valor da industria forestal-madeira** e que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

Prazo de solicitude: dende o 2 de setembro ata o 31 de outubro de 2022 ou ata o esgotamento dos fondos asignados no caso en que se produza con anterioridade a esa data.

Prazo de xustificación: ata o 30/11/2022 (anualidade 2022)

ata o 31/05/2023 (anualidade 2023)



Investimentos subvencionables

- Implantar **sistemas de dixitalización**, xa sexa dalgún **proceso concreto** (por exemplo, interacción con administración pública ou proceso de fabricación) ou de **xestión integral** (ERP, CRM e similares), especificamente deseñados, desenvoltos ou adaptados a un proceso concreto dentro do seu ámbito de actividade.
- Poñer en marcha sistemas para a **xestión do ciclo de vida de produtos** feitos en madeira. Solucións tales como PDM, PLM ou DMF que recollan a información do produto desde a concepción de este, ata a súa eliminación ou posta á venda, incluíndo o deseño e fabricación.
- Implantar sistemas para o **control e/ou mellora dos procesos produtivos**, por exemplo sistemas de captura de datos, automatización, supervisión remota, sensórica e/ou mantemento preventivo.
- Dixitalizar procesos que poidan levar asociada a **impresión 3D ou fabricación aditiva** de produtos feitos con madeira no proceso produtivo da empresa.
- Despregar **sistemas de planificación, control dos recursos empresariais e/ou loxística**, tanto interna como externa.



Investimentos subvencionables

- Automatizar e/ou sensorizar** produtos ou servizos para o seu control e trazabilidade.
- Implementar **sistemas de interconexión** de elementos físicos e virtuais, procesamento de **datos** capturados (Big Data) e **ciberseguridade**.
- Desenvolver e poñer en marcha **sistemas de analítica avanzada, intelixencia artificial**, aprendizaxe automática e/ou toma de decisións autónoma (intelixencia empresarial) en relación coa industria das empresas beneficiarias.
- Desenvolver ou adoptar unha **interface dixital para as interaccións comerciais** cos clientes ou provedores da industria forestal-madeira.
- Implantar e/ou desenvolver **sistemas de integración da cadea de valor**, tanto a nivel organizativo en sentido horizontal como a nivel de colaboración en sentido vertical.



Requisitos

Gastos

- Serán subvencionables os gastos realizados **dende o 01/01/2021** ata a data límite de xustificación.

Solicitantes

- Empresas ou organizacións que teñan un centro de traballo radicado en Galicia.
- Acreditar que exerce actividade económica.
- As empresas deberán ser PEME consonte a definición incluída no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño de 2014 (inclúe autónomos que cumpran a condición de pequena empresa).
- As empresas deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor) e cos datos actualizados antes da presentación da solicitude.
- Ao estar este réxime de subvencións suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas de minimis, deberase garantir que, no caso de recibiren as persoas beneficiarias outras subvencións baixo este réxime de minimis, non se supera o límite de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais.



Bases e convocatoria >> [acceso](#)

DOG nº 166, xoves 1 de setembro de 2022



Máis información



xera.cmr@xunta.gal



@XERAAxenciadaindustriaforestal



www.xera.xunta.gal



@XERAindustriaforestal



Presentación de solicitudes en sede electrónica >> [acceso](#)



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL